



As Fontes de financiamento do orzamento deste eixe estratéxico son:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida	6.465.568.099	
Orzamentos Xerais da C.A	6.277.712.580	97,09%
FCI	12.122.138	0,19%
FEDER	16.000.315	0,25%
FSE	19.128.871	0,30%
Orzamentos Xerais do Estado	138.637.364	2,14%
FEADER	535.308	0,01%
INTERREG	1.366.811	0,02%
OUTRAS INICIATIVAS	64.712	0,00%

III.1.1. OE 1. Revitalización demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral

Galicia atópase no ano 2020, de seguir as tendencias actuais, entre o terzo de rexións europeas que experimentarán un descenso de poboación, con graves repercusións negativas sobre o mercado laboral, o funcionamento dos sistemas de saúde e benestar, e da propia contorna natural.

A estrutura da poboación galega mostra contrastes entre as zonas predominantemente urbanas e o resto das comarcas que presentan un rumbo máis rural. A redución do desequilibrio demográfico, que é un dos grandes retos que Galicia afrontará ao longo das dúas próximas décadas, constitúese na prioridade estratéxica deste obxectivo.

Este obxectivo estratéxico representa o 0,5% do Eixe I, e do 0,3 % sobre o total do PEG, cun importe de 31,6 millóns de euros, no que a medida de maior importe é a M02 "Ampliar a cobertura da educación infantil de 0 a 3 anos como medida incentivadora da

natalidade" (co 25,3 % de obxectivo, e o 0,1 % do total PEG).

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
312B PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	30.715.151
312G APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL	871.303

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
04-PRESIDENCIA DA XUNTA
40-SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE
12-CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
02-S.X. DE FAMILIA E BENESTAR

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia que se van a realizar no ano 2012 son:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	Importe	%
<i>OE01 Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral</i>	31.586.454	
M01 Impulsar o Rexuvenecemento Demográfico	2.700.000	8,5 %
M02 Ampliar a cobertura da educación infantil de 0 a 3 anos como medida incentivadora da natalidade	7.977.436	25,3 %
M03 Impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres	871.303	2,8 %
M99 Soporte xeral - Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral	20.037.715	63,4 %

As Fontes de financiamento do orzamento deste Obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos xerais da C.A.	29.513.616	93,44%
FCI	309.970	0,98%
FEDER	1.239.876	3,93%
FSE	522.992	1,66%

Para impulsar a Revitalización Demográfica, e a conciliación da vida familiar e laboral, os obxectivos irán encamiñados a deseñar, promover e desenvolver políticas públicas de apoio as familias que contribúan ao seu benestar, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres para o que as actividades a

realizar van a ser as seguintes:

Revitalización Demográfica: impulsando os nacementos e ampliando a cobertura da educación infantil como medida incentivadora da natalidade, a través de 7.500 axudas complementarias á dedución fiscal por fillos/as menores de 3 anos, e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral co apoio a medidas de conciliación e corresponsabilidade nas que se prevé un total de 975 persoas beneficiadas, das que 775 son mulleres.

Mellorar as condicións das familias traballadoras a través da ampliación da rede de escolas infantís, ampliando a cobertura e mantemento dos centros de atención a primeira infancia de 0-3 anos cun total de 2.740 prazas atendidas, a creación de 1.007 novas prazas en escolas infantís (Plan Educa 3) e 9 centros reformados e equipados.

III.1.2. OE 2. Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas

A sanidade considérase un pilar do estado de benestar, un instrumento que contribúe á mellora da calidade de vida dos cidadáns e ao desenvolvemento social.

Desenvolverase un novo modelo organizativo que permita a optimización dos recursos asistenciais para converter ó cidadán en protagonista e receptor das políticas de saúde e os profesionais en protagonistas da estratexia sanitaria, coa finalidade de manter un sistema sanitario viable e responsable.

Este obxectivo estratéxico representa o 54,3 % do Eixe I, e o 38,9 % sobre o total do PEG, cun importe de 3.511,7 millóns de euros, no que a medida de maior importe é a M04 “Mellorar o rendemento, a produtividade e a eficiencia” (co 22,4 % de obxectivo, e o 8,7 % do PEG).

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
411A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE	55.455.425
412A ATENCIÓN ESPECIALIZADA	2.091.682.678
412B ATENCIÓN PRIMARIA	1.248.897.248
413A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA	68.557.843
414A FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS	47.093.774

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: